

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 595/2008, DO 3 DE OUTUBRO .

Mediante Resolución de Alcaldía nº 554/2008 de 18 de setembro, aprobáronse as bases reguladoras do proceso selectivo para nomeamento de persoal funcionario interino grupo B1, Escala de administración Xeral, Subescala Administrativo, para cobertura de praza vacante no Concello de Cabana de Bergantiños por enfermidade do seu titular.

Transcorrido o prazo de 5 días hábiles a contar dende a publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no xornal “La Voz de Galicia” tal como establecían as bases.

Tendo en conta que a base 6.5 establece: O Alcalde-Presidente resolverá o relativo a día e hora de constitución do tribunal e avaliación de méritos e práctica das probas. A tal resolución daráselle publicidade no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal quedando así citados os aspirantes para comparecer no lugar, data e hora sinalados.

quinta punto primeiro establece que *“rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde ou Concelleiro en quen delegue dictará resolución aprobando a lista de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. Os aspirantes excluídos , así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de 2 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución no Taboleiro de anuncios do Concello, para subsanar os defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión da relación de admitidos e excluídos.*

Observado que tódalas instancias presentadas cumpren os requisitos de documentación esixidos na base cuarta punto 2.

En virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte lista de admitidos no procedemento de selección de dunha praza de funcionario interino administrativo grupo B1, Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativo, por ter presentado tódala documentación esixida nas bases de selección:

ADMITIDOS:

Estefanía Martínez Rioboo	DNI	46.904.257 N
María Viñal Lorenzo	DNI	32.829.407 N
Trinidad Castiñeira Nantón	DNI	32.797.914 Y
María del Carmen Suárez Pérez	DNI	47.352.356 W

María Liliana Pose Martínez	DNI	79.325.569 H
Sheila Lema Souto	DNI	79.326.717 Q
Patricia Molina Varela	DNI	79.328.193 C
Beatriz Rodríguez Montes	DNI	32.840.148 N

SEGUNDO: Convocar igualmente ao Tribunal de Selección para o xoves 9 de outubro de 2008 ás 14:30 horas na Casa do Concello, para a constitución do tribunal e a posterior valoración dos méritos presentados polos aspirantes.

De conformidade co previsto na base sexta punto primeiro das bases, designar como membros do Tribunal de Selección:

-Presidenta: D^a. Maria Elisa Fernández González (funcionaria grupo A1 do Concello)

-Secretario: D^a.Cristina Castro Fuentes (Secretaria do Concello).

-Vocais:

D^a. Gema Vázquez López (funcionaria da Corporación).

D. Jesús Manuel Valiña Parga (funcionario da Corporación)

TERCEIRO: convocar aos aspirantes admitidos para a realización da proba teórica consistente en desenvolver un exercicio práctico, de conformidade co establecido no punto 7.3 das bases no Salón de Plenos do Concello de Cabana de Bergantiños o mesmo día 9 de outubro de 2008 ás 17:00 horas.

CUARTO: Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal a presente resolución de conformidade co previsto nas bases aprobadas por Resolución nº 554/2008 de 18 de setembro.

QUINTO: Ó considerarse un acto de trámite cualificado, si se desexa impugnar a presente resolución, procede interpoñer recurso contencioso - administrativo ante o xulgado no prazo de dous meses a contar a partir do día da súa notificación ou publicación.

Alternativamente, e de xeito potestativo, se pode interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou a presente resolución, no prazo de un mes a contar a partir da súa notificación ou publicación.

Mando e asino o Alcalde-Presidente don José Muíño Domínguez na Casa do Concello de Cabana de Bergantiños, o 3 de outubro de dous mil oito, diante de min, a Secretaria, que dou fe e certifico.

O Alcalde,

A Secretaria,

Asdo.: Jose Muíño Domínguez

Asdo.: Cristina Castro Fuentes.